

Atlas de Flora Exótica Invasora de Galicia



Acacia melanoxylon R. Br.

A acacia negra é unha árbore leguminosa que procede do SE de Australia e Tasmania e que foi citada en Galicia por vez primeira no ano 1976. Introduciuse amplamente como cortaventos, para fixación de taludes e como cortalumens. Precisamente os lumes forestais favorecen o seu rebrotamento e a xermola das súas sementes, o que axudado da súa gran fortaleza favorece moito a expansión no medio. Impacta negativamente sobre o crecemento da flora microbiana do solo, e nas zonas invadidas modifica os servizos ecosistémicos, reducindo a disponibilidade hídrica e impedindo a xermolación e crecemento das especies vexetais autóctonas por mor da emisión de substancias alelopáticas durante a descomposición das súas follas. http://www.sghn.org/Seccion_Botanica/Seccion_Botanica.html



Colabora no Atlas escribindo a
botanica@sghn.org

